

# BENVIDAS/OS AO FOGAR

## ALUMNADO 4º EDUCACIÓN INFANTIL (3 ANOS)

Ola a todas e a todos,

As mestras de 4º de educación infantil (3 anos) do CEIP Fogar queremos darvos a benvida a todas as familias e a todo o alumnado de nova incorporación para este curso escolar.

En primer lugar queremos convocarvos a unha reunión informativa, que terá lugar no comedor escolar do centro, o vindeiro día:

**MÉRCORES 8 SETEMBRO: 11:30H**

Nesta reunión informaremos das pautas xerais sobre a organización do curso escolar, coñeceredes ás futuras titoras dos vosos fillos e fillas, e atenderemos con moito gusto a todas as vosas dúbidas. Pregámosvos que soamente asista á reunión **1 persoa** por cada familia, debido á situación xerada pola covid-19, para poder manter correctamente as distancias de seguridade. Ademais, pregámosvos que non asistan os nenos e nenas, polo mesmo motivo.

O alumnado de 3 anos (4º de educación infantil), comezará o mes setembro o **PERÍODO DE ADAPTACIÓN**, moi importante para garantir a correcta adaptación á nova escola, e favorecer a interacción cos seus compañeiros e compañeiras, cos espazos e coas mestras, entre outras moitas cousas. Dito período de adaptación comezará coa incorporación do alumnado en grupos reducidos de 5 nenos e nenas aproximadamente, que se irán incorporando de maneira progresiva. Na reunión entregaransevos os horarios concretos e se explicará este proceso detidamente.

E por último, non é preciso polo momento mercar ningún material, xa que este será un tema a tratar na reunión inicial. O único que precisarán os nenos e nenas para o seu primeiro día de colexio será a súa mochila, que deberá ser pequena e sen rodas.

Todos os demais aspectos a tratar serán explicados na reunión e estaremos encantadas de responder a todas as vosas dúbidas.

Con agarimo:

AS MESTRAS DE 3 ANOS  
CEIP FOGAR